

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



**CLAVE:** 2019/X999/000964 - 2019/C003/000005  
**EXPEDIENTE:** PROXECTO ITINERARIO PEONIL E CICLISTA: ENLACE AC-552 .- POLÍGONO INDUSTRIAL DE BERTOA (PROX\_OTM\_2019\_02)  
**ASUNTO:** INFORME TÉCNICO

Lorena Castrillón Manso, Enxeñeira Técnico Municipal do Concello de Carballo á vista do expediente, proxecto "Itinerario peonil e ciclista: Enlace AC-552- Polígono Industrial de Bértoa", emite o seguinte informe:

### ANTECEDENTES

1. En febreiro de 2019 foi redactado o proxecto técnico denominado "Proxecto do itinerario peonil e ciclista: Enlace AC-552-Polígono Industrial de Bértoa" polo enxeñeiro técnico industrial municipal, D. José Manuel Facal Fariña, colexiado COETICOR núm. 1.281, cun orzamento de execución por contrata de 119.948,98 €, IVE (21%) incluído.
2. Por Decreto de Alcaldía nº 343/2019 de 11/02/2019, nos resolutivos terceiro e quinto, foi aprobado o devandito proxecto técnico e a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha subvención para acometer as actuacións incluídas no "Proxecto do itinerario peonil e Ciclista: enlace AC-552 - Polígono Industrial de Bértoa", por un importe de 95.959,18 euros, ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma, para o ano 2019.
3. Por Resolución do 27 de maio de 2019 (publicada no DOG nº 107 de 07/06/2019), da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que dá publicidade dos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2019 (IN519B) foi concedida a seguinte subvención ao Concello de Carballo:

IN519B 2019/57-0	Mellora de infraestruturas viarias no enlace AC-552 -polígono industrial de Bértoa	91.588,64 €
------------------	--	-------------

A contía restante será financiada con aportación municipal.

4. Constan no expediente as seguintes autorizacións sectoriais preceptivas para a execución desta obra:
  - Autorización de Augas de Galicia, clave: DH.W15.67422 de 31/07/2019 (R.E. 201990000005459 de 01/08/2019)
  - Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas exp. nº: IF205A 2019/000159-1 de 16/08/2019 (R.E. 201990000005745)

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



### INFORME

#### Clasificación da obra:

As actuacións recollidas no proxecto **"ITINERARIO PEONIL E CICLISTA: ENLACE AC-552 - POLÍGONO INDUSTRIAL DE BÉRTOA"**, son obxecto dun contrato de obras segundo o establecido no artigo 13.1 da Lei 09/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, posto que se atopan recollidas dentro do ANEXO I da devandita Lei cos seguintes código NACE e CPV.

NACE					CPV	
Sección F			Construción		Código	Descrición
División	Grupo	Clase	Descrición	Observacións		
45			Construción.	Esta división comprende: As construcións novas, obras de restauración e reparacións correntes	45100000-7	Traballos de construción
	45.2		Construción xeral de inmobles e obras de enxeñería.		45200000-9	Traballos xerais de construción de inmobles e obras de enxeñería civil
		45,23	Construción de autoestradas, estradas, campos de aterrízaxa, vías férreas e centros deportivos	Esta clase comprende: <input type="checkbox"/> construción de autoestradas, rúas, estradas e outras vías de circulación de vehículos e peatóns <input type="checkbox"/> construción de vías férreas <input type="checkbox"/> construción de pistas de aterrízaxa <input type="checkbox"/> construción de equipamentos de estadios, piscinas, ximnasios, pistas de tenis, campos de golf, e outras instalacións deportivas, excluídos os seus edificios <input type="checkbox"/> pintura de sinais en estradas e aparcamentos  Esta clase non comprende: <input type="checkbox"/> movemento de terras previo	45233200-1  45233162-2	Traballos diversos de pavimentación  Traballos de construción de pistas para bicicletas.

Do mesmo xeito, atendendo ao disposto no Libro Segundo, Título II, Capítulo I da Lei 09/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público no que se desenvolve o contrato de obras, a actuación pretendida no proxecto obxecto de informe clasifícase segundo o artigo 132 en:

*"Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación Analizado o proxecto".*

#### Clasificación do contratista

O artigo 77,1) Lei 09/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público establece o seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



*"1. A clasificación dos empresarios como contratistas de obras ou como contratistas de servizos das Administracións Públicas será esixible e surtirá efectos para a acreditación da súa solvencia para contratar no seguintes casos e termos:*

*a) Para os contratos de obras no que o seu valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros será requisito indispensable que o empresario se encontre debidamente clasificado como contratista de obras das Administracións Públicas. Para ditos contratos, a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, con categoría igual ou superior á esixida para o contrato, acreditará as súas condicións de solvencia para contratar.*

*Para os contratos de obras no que o seu valor estimado sexa inferior a 500.000 euros a clasificación do empresario no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda acreditará a súa solvencia económica e financeira e solvencia técnica para contratar. En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación como contratista de obras no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato. En defecto de estes, a acreditación da solvencia efectuarase cos requisitos e polos medios que reglamentariamente se establezan en función da súa natureza, obxecto e valor estimado do contrato, medios e requisitos que terán carácter supletorio respecto dos que no seu caso figuren nos pregos.*

No presente caso o valor estimado do contrato é inferior a 500.000 € (119.948,98 €) e polo tanto establécese a clasificación do empresario a fin de acreditar a súa solvencia económica e financeira e solvencia técnica para contratar, que sería a seguinte:

- Grupo G) Viarios y pistas
- Subgrupo 6. Obras viarias sin calificación específica
- Categoría 1 A cuantía é inferior ou igual a 150.000

### Prazo de execución

No proxecto establece un prazo de execución de tres meses. Non obstante, vistos os antecedentes e atendendo a natureza das actuacións, a súa localización, os rendementos que se deducen da análise do proxecto e realizando unha adecuada organización da obra, a técnica que suscribe considera adecuado un prazo de 05 semanas para a execución das obras contempladas no proxecto "Itinerario peonil e ciclista: Enlace AC-552- Polígono Industrial de Bértoa".

En Carballo - A Enxeñeira Técnica - Lorena Castrillón Manso (sinatura dixital)

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña

